

PEZA DO MES

20 anos 200 pezas

febreiro

2019



PLACA DE CINTO
CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE
SANTOMÉ



Placa de cinto. Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé

Coa presentación desta placa, o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense completa o ciclo de 200 *Pezas do mes*, unha actividade que vén realizando ininterrompidamente desde 1999, ao longo de 20 anos, e que naceu e se mantén co propósito de conservar, estudar e difundir as ricas e variadas coleccións deste museo, consolidando así un proxecto de gran dimensión social, ofrecendo múltiples horizontes interpretativos e novas dinámicas de aproximación e interpretación do patrimonio moble conservado nel.

Cando se fala desta actividade, que tamén ten lugar noutros centros, faise referencia, principalmente, á súa vertente didáctica e pedagóxica, esquecendo a miúdo que as funcións dun museo son múltiples e concatenadas entre si, resultando difícil entender unhas sen a complementariedade das outras, no seu obxectivo de dar resposta ao que a sociedade demanda destas institucións e de posibilitar o coñecemento e posta en valor das coleccións que albergan facéndoas máis próximas ao público en xeral. E posiblemente sexa esta actividade da Peza do mes, tal e como foi concibida desde as súas orixes polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, na que se pode observar con claridade esta realidade e a súa transversalidade.

Na programación da actividade, as diferentes pezas son seleccionadas de entre os ricos fondos do Museo, coa intención de ofrecer un panorama xeral da temática cultural e artística das coleccións, tanto de Arqueoloxía como de Belas Artes, por tratarse dun museo provincial no que están presentes ambas as seccións. Pode tratarse de pezas que formen

parte da colección estable da área expositiva ou dos almacéns de reserva, con prioridade, se a importancia o require, a obxectos de novo ingreso baixo calquera das modalidades legalmente establecidas.

Unha vez documentada, a obra escollida é obxecto de investigación por parte dun especialista na materia, ben un técnico do propio Museo ou un investigador alleo convidado, publicándose os resultados en formato dixital na páxina web do Museo, dando cobertura á difusión para públicos virtuais, e ata 2013, nun díptico en papel. O proceso culmina na sesión dos segundos mércores de cada mes do ano –a excepción de xullo e agosto– cunha exposición oral de 20-30 minutos na sala de exposicións *Escolma de Escultura*, sita no complexo cultural do convento de San Francisco, na que o profesional afonda no estudo, dando aos presentes a súa particular visión do tema, xunto coa exhibición durante todo o mes, de modo individualizado, da peza orixinal para que poida ser contemplada polos asistentes e visitantes.

Outro aspecto importante para ter en conta, e que completa e axuda facer visibles as tarefas dos Museos en relación cos seus fondos, son os traballos de conservación preventiva e restauración ao que é sometida, se procede, a peza obxecto de estudo. Nalgúns casos, explícanse nunha folla complementaria acompañando a publicación, realizada polo técnico encargado destes traballos, que tamén participa na explicación pública.

O obxecto que inaugurou esta serie da *Peza do Mes* do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense no mes de febreiro de 1999, foi un coitelo z «Tipo Simancas» procedente do Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé. A elección non foi fortuíta, pois sen ser unha das máis significativas do Museo desde o punto de vista artístico ou monumental, considerouse que nela confluían certas características específicas, que podían, dalgunha maneira, sintetizar o traballo que entendemos debe de realizar un museo arqueolóxico. Por unha banda, trátase dunha peza documentada nun xacemento vinculado á investigación de campo do propio Museo, desde que en 1983 se iniciaron escavacións sistemáticas neste enclave arqueolóxico, continuando ata a actualidade. Por outra, a súa documentación foi froito dun minucioso traballo de laboratorio, pois os fragmentos apareceron dispersos e diseminados nunha ampla zona do xacemento: o coitelo propiamente dito, de ferro; un fragmento da cantoneira correspondente ao lado recto do coitelo, e finalmente, a modo de remate, un pequeno remate con esfera. Só a interrelación destes elementos permitiu a perfecta identificación deste obxecto como un coitelo «Tipo Simancas».



Conflúen tamén outras particularidades que contribúen a singularizar este coitelo, abrindo novas vías de interpretación cultural, que o facían especialmente atractivo para o comezo desta actividade. Entre elas, cabe citar a súa área de dispersión, circunscrita naquelas datas practicamente á Meseta; así como a súa localización, atopándose a gran maioría en tumbas, dando lugar á teoría, xa superada, das «Necrópoles do Douro», e ao suposto *limes* hispano. Polo que a súa documentación nun ambiente dun poboado civil, do mundo dos vivos, e no extremo NW da Península, viña confirmar as últimas teorías sobre este aspecto da tardorromanidade.

Pois ben, vinte anos despois, volvemos sobre unha peza procedente do mesmo xacemento e tamén ligada ao mundo Baixo Imperial da Meseta e coas antigamente denominadas «Necrópoles do Douro» ou *subcultura do Douro*. Nesta ocasión, trátase dunha placa de cinto de forma rectangular, fabricada á cera perdida, con decoración calada de estilizacións de rolos vexetais, enmarcada nun friso de «sss» nos lados maiores e flanqueada nos extremos por liñas incisas. A presenza de catro soportes anelados pon de manifesto que a unión da placa á fibela se levaría a cabo por medio dunha bisagra. No reverso presenta dous botóns «arroblonados» para amarrar a placa ao material do cinto. Dadas as súas características, é de supor que a fibela sería das chamadas do tipo *cornuda*.

A placa é idéntica a outra procedente de Carpio de Tajo (Toledo), o que nos leva a sospeitar que posiblemente ambas procedan do mesmo molde, xa que, como é ben sabido, este tipo de obxectos se fabrican a molde polo sistema da cera perdida, para posteriormente ser sometidos a un acabado en frío, no que, ademais de eliminarse o metal sobrante, se realizan por medio de batido os pequenos elementos decorativos incisos, como poñen de manifesto algúns exemplares realizados en chumbo, material moi fráxil para este tipo de uso, e por

tanto, interpretado como proba de fundidor, para comprobar o acabado final do molde.

Neste tipo de broches conflúen tanto a tradición dos broches militares altoimperiais, ben patente na súa morfoloxía de placas rectangulares unidas á fibela por anelas, como a influencia dos *cingula militae* europeos, presente nos diferentes motivos decorativos. A súa fabricación tivo lugar no contexto das chamadas producións *rexionais*, levada a cabo en terreo hispánico, con características peculiares vinculadas a territorios concretos, en contraste coas producións *universais*, fabricadas en grandes talleres estatais, e distribuídas por amplas áreas do imperio.

No mesmo xacemento de Santomé documentáronse dúas placas máis de cinto. Unha, tamén tipo Simancas, decorada con cinco arcos de ferradura lonxitudinais, cun recorte triangular na unión de cada arco para resaltar o grosor da arcada, e cun sistema de enganche á fibela por medio de dous aneis, dos que lle falta un deles. E a outra –que xa foi Peza do Mes en maio do ano 2000– coa representación da figura dun cabalo ao paso, coas diferentes partes anatómicas minuciosamente sinaladas, e enmarcada na parte superior e inferior por unha barra con apéndices, encadrada na categoría de broches *pseudohispanos*, definidos por Aurrecoechea como *tipo Santomé*. Completa este conxunto de elementos de cinto tardorromanos, unha fibela peltiforme decorada con dúas liñas incisas paralelas e tres apéndices de remate, o central cun rebaxo para recibir a agulla.

O *cingulum*, nome co que se coñecen estes cintos, ten o súa orixe no mundo militar, pero a súa aparición en contextos civís, como o caso que nos ocupa, pon de manifesto que nestes momentos da tardorromanidade o seu uso asume un rol social importante, por formar parte da vestimenta da sociedade civil, nun momento histórico que, debido a inseguridade, asiste a unha forte militarización da sociedade, representando un símbolo de rango social tanto dos militares como dos funcionarios civís.

Pois ben, todos estes compoñentes de cintos, xunto co citado coitelo tipo «Simancas», asociados a outros elementos de arreo de cabalo, como unha cama de bocado de bronce con decoración xeométrica e unha pexa de ferro para inmovilizar o animal, documentados neste xacemento, manifestan a relevancia social do que foi o seu propietario e a súa posible pertenza a unha elite de certo prestixio no desempeño de importantes funcións administrativas, motivo polo que eran portadores de obxectos cunha forte carga simbólica que fai referencia á súa posición social.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Xulio Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

galicia

